

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE SARRIA PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN BOX DE ATORDAMENTO PARA O MATADOIRO MUNICIPAL

Dunha parte, Don Silvestre José Balseiros Guinarte, en calidade de director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015, publicada no DOG número 223 do 23 de novembro e en virtude das facultades que lle atribúe a esta o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, D. Claudio M. Garrido Martínez, actuando en nome e representación do Concello de Sarria, na súa calidade de alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Cada unha das partes interveñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandaría, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.



Segundo.- Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural ten as competencias xerais en materia de industrias alimentarias e, particularmente, é competente en relación coa ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio.

Terceiro.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, atribúelle aos concellos competencias, nos termos establecidos pola normativa estatal e autonómica, en materia de abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa dos usuarios e consumidores; protección medio ambiental e da salubridade pública.

Cuarto.- O Concello de Sarria manifestou a necesidade extraordinaria de colaboración por parte da Consellería do Medio Rural para a adquisición e instalación dun box de atordamento destinado a garantir que o servizo público do matadoiro se preste a través dunha xestión pública por carecer o referido concello da capacidade orzamentaria suficiente para a súa acometida en solitario.

Quinto.- Os matadoiros municipais constitúen unha infraestrutura clave para o desenvolvemento económico local e a garantía sanitaria dos produtos cárnicos.

Unha das prioridades da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia é manter a actividade agropecuaria, como medida para fixar poboación no rural e evitar o despoboamento, polo que é imprescindible adoptar todas as actuacións que aseguren o fortalecendo e a rendibilidade das producións gandeiras.

Sexto.- A Comarca de Sarria é unha zona de intensa actividade agropecuaria, caracterizada por albergar un número importante de salas de despece e pequenos talleres cárnicos, polo que o servizo do matadoiro é de grande interese para o sector.





Co investimento a acometer mellorase as infraestruturas do matadoiro o que é de grande interese económico ao apoiar ao sector primario permitindo aos gandeiros locais comercializar os seus produtos en instalacións próximas reducindo así os custos. Así mesmo dinamizan a economía rural favorecendo as zonas despoboadas xerando emprego e asentamento da poboación e o mesmo tempo impulsan un sector estratéxico como é o agrogandeiro para a comarca sarriana.

Sétimo.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Así mesmo resulta aplicable o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Octavo. Tendo en conta o evidente interese público, social e económico da actividade, a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sarria requiren manter o servizo nas mellores condicións.

A necesidade e urxencia da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores como a recente visita dos Inspectores Veterinarios Oficiais de Saúde Pública de Matadoiro da zona de Lugo na que observaron o incumprimento no establecemento do box de atordamento de reses bovinas o cal non permite unha adecuada suxeición para unha óptima aplicación do atordado. Para poñerlle solución a este requirimento, no prazo xa prorrogado que finaliza en decembro de 2025, é necesario mercar e facer unha obra de instalación dun box de inmovilizado para atordado de vacún con empuxe e suxeición da cabeza que cumpra coa normativa vixente.



Por outra banda, a falta de recursos do Concello para poder acometer as devanditas actuacións, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Sarria de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería do Medio Rural respecto da execución dunha actuación imprescindible para o normal funcionamento da entidade local, que lle permita exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

É, polo tanto procedente a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sarria para a concesión dunha axuda para a adquisición e instalación dun box de atordamento para o matadoiro municipal.

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos do Concello de Sarria, obxectivos compartidos coa Consellería do Medio Rural.

Noveno. Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as necesidades do Concello de Sarria, co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza a través do matadoiro municipal.

Décimo. O Concello de Sarria cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13



de xuño, de subvencións de Galicia Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2023 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo primeiro. En virtude do anterior, co fin de materializar a axuda antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sarria acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é outorgar unha axuda ao Concello de Sarria para a adquisición e instalación dun box de atordamento para o matadoiro municipal.

Segunda.- Obrigas do concello de Sarria.

Ademáis das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Sarria:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Destinar os fondos que se perciban á execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- c) Tramitar o expediente de contratación da adquisición e montaxe do box de atordamento conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.



- d) Asumir, unha vez finalizadas as obras de instalación do referido box, o mantemento de todos os elementos das obras executadas e velar polo correcto uso dos espazos e as instalacións obxecto do Convenio.
- e) Xustificar ante a Consellería do Medio Rural, se é necesario, o cumprimento dos requisitos e as condicións, e tamén a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o disfrute da subvención.
- f) Someterse ás actuacións de comprobación que terá que efectuar a Consellería do Medio Rural, se é necesario, e calquera outra de comprobación e control financeiro que podan levar a cabo os órganos de control competentes, e achegar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- g) Comunicar á Consellería do Medio Rural a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou entidade pública ou privada, nacional ou internacional, así como as alteracións das condicións tidas en conta para o outorgamento da axuda.

Terceira. Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.741A.760.0, por un importe máximo de 30.000 €.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados da adquisición do box de atordamento así como os derivados do seu transporte, obras de instalación e de posta en funcionamento, así como aqueles outros que respondan á natureza da actividade subvencionada de xeito indubidable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.



Quinta.- Xustificación

O Concello de Sarria estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 16 de decembro da anualidade 2025, o cumprimento da finalidade do convenio e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa do convenio en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: actuación/concepto, identificación do/a acredor/a, NIF, número de factura ou documento equivalente, importe sen IVE, IVE, importe total, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios, e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación que se fai referencia no apartado a).
- c) Declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.
- d) Garantía de que os custos da actuación proposta non superan os prezos normais de mercado e se cumpre a moderación de custos mediante a



presentación de, como mínimo tres ofertas de diferentes provedores solicitadas con carácter previo á contratación.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do Concello de Sarria e a Xunta de Galicia.

Sétima. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.





3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao asinar electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio constituirase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada institución asinante:

- Por parte da Consellería do Medio Rural: un representante da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- Por parte do concello: O alcalde ou persoa en quen delegue.

Será a encargada de coordinar, supervisar e realizar o seguimento das actuacións do mesmo, así como de propor e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da súa aplicación.

A comisión de seguimento reunirse cando así o solicite algunha das partes co fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo.

Novena.-Controis

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto do convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Sarria comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que



legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

Décima.- Incompatibilidade

A percepción dunha achega con base a este convenio, será incompatible con calquera outra que poida obterse de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para a mesma finalidade.

Décima primeira. Obriga de reintegro

A entidade perceptora dos fondos comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décima segunda. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen os investimentos e/ou as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

Décimo terceira. Consentimento

O Concello de Sarria autoriza á Consellería do Medio Rural a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.



Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo cuarta. Natureza e normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo sexta. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de



protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

A conselleira do Medio Rural
P.D. orde do 17.11.2015 (DOG. Núm.223, do 23.11.2015)
O director xeral de Gandaría, Agricultura
e Industrias Agroalimentarias

O alcalde do Concello de Sarria

Silvestre José Balseiros Guinarte

Claudio M. Garrido Martínez

